



 **ECOBAS**

INTRODUCCIÓN AO DESEÑO EXPERIMENTAL:


Aplicacións ao mundo da empresa e a economía

A Coruña, 7-8 xullo, 2025

Profesora:

María J. Sánchez Expósito

Universidad Pablo de Olavide



UNIVERSIDADE DA CORUÑA



Universidade de Vigo



XUNTA
DE GALICIA



Co-funded by
the European Union



Fondos Europeos



Summer
school 2025

Presentación

Tralo éxito da primeira edición da Summer School de ECOBAS o pasado ano, a área de formación do noso centro de investigación lanza unha nova convocatoria de verán para a mellora da capacitación técnica e o impulso á innovación metodolóxica para o desempeño profesional do persoal investigador de nova xeración.

Este curso, destinado ao personal investigador en Ciencias Sociais e especializado no estudo da sostibilidade no seu triple eixo, servirá para:

Comprender cando é **apropiado** o uso da metodoloxía experimental;

Coñecer **en que consiste** un experimento e os diferentes tipos que existen;

Aprender as nocións básicas para o **deseño e execución** dun experimento de **laboratorio**;

Coñecer as diferentes **ferramentas** dispoñibles para a elaboración dun experimento.

Infórmate de todos os detalles e inscíbete xa en www.ecobas.gal.
¡Agardámoste!



Enfoque do curso

Este curso está deseñado para introducir aos participantes no uso da metodoloxía experimental dentro do ámbito das ciencias sociais. O seu enfoque principal é brindar unha comprensión sólida sobre cando e por que resulta apropiado empregar deseños experimentais na investigación social, así como proporcionar as ferramentas conceptuais e prácticas necesarias para a súa correcta implementación.

As persoas participantes aprenderán os fundamentos da experimentación, incluíndo os conceptos clave como a aleatorización, os grupos de control, a validez interna e externa, e a análise causal. Ademais, traballarase no desenvolvemento de habilidades para deseñar experimentos rigurosos, adaptados a distintos contextos e preguntas de investigación.

O obxectivo final é que os asistentes poidan avaliar criticamente investigaciónes experimentais existentes e, sobre todo, que estean capacitados para deseñar os seus propios experimentos cunha base metodolóxica sólida.

Docente

María Jesús Sánchez Expósito

Universidad Pablo de Olavide



María Jesús Sánchez Expósito é Profesora Contratado Doutora na Universidad Pablo de Olavide.

Doutora en Administración y Dirección de Empresa pola Universidad Pablo de Olavide, centra a súa investigación en analizar como os sistemas de control de xestión afectan aos comportamentos organizacionais que aparecen nas organizacións, tales como free-riding ou deshonestidade, usando principalmente a metodoloxía experimental.



Estructura do curso

01

Introdución

02

¿Que é un experimento? Tipos de experimentos

03

Deseño dun experimento

04

Pasos para a execución dun experimento de laboratorio

05

Análise de estudo que aplica a metodoloxía experimental

06

Software para experimentos

07

Temas a considerar ao realizar un experimento

ECOBAS Summer School 2025 | Informacións prácticas



PERSOAS DESTINATARIAS

- Persoal investigador de ECOBAS.
- Alumnado do Programa de Doutoramento Interuniversitario en Análise Económica e Estratexia Empresarial.
- Alumnado do Máster Interuniversitario en Economía.
- Persoal investigador en Ciencias Sociais.



ORGANIZACIÓN DO CURSO

- Formación exclusivamente presencial.
- Aforo limitado. Admisión de alumnado por rigurosa orde de inscrición.
- O alumnado deberá contar con ordenador portátil propio para o correcto aproveitamento do curso.



LUGAR E DATA

- Universidade de A Coruña - Edificio de Servizos Centrais de Investigación da UDC (ESCI), Andar - 4. Campus de Elviña, s/n - A CORUÑA.
- Luns 7 e martes 8 de Xullo de 2025, de 9.30 a 17.00 h



MATRÍCULA E INSCRICIÓN

ECOBAS ofrece este curso sen custo para o alumnado. A actividade conta co financiamento de fondos FEDER procedentes das axudas para a concesión da acreditación de excelencia e para o apoio aos centros de investigación do SUG. A inscrición inclúe matrícula, café, almorzo os dous días lectivos e certificado de participación.



A organización facilitará transporte en autobús ida e volta dende as principais cidades galegas. Consulta condicións e solicita a túa praza.



PROCEDEMENTO E PRAZO

Prazo de solicitudes ata o 2 de xullo de 2025 a través do [formulario web habilitado](#).



MÁIS INFORMACIÓN E CONSULTAS

Escríbenos a ecobas@ecobas.gal

Organiza:



En colaboración con:



UNIVERSIDADE DA CORUÑA



Universidade de Vigo



XUNTA DE GALICIA



Co-funded by the European Union



Fondos Europeos